

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 19 de outubro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1.1 13150 (10/POC-002287)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a mellora da seguranza viaria e da mobilidade na estrada AC-305
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017
- 1.2 14645 (10/POC-002708)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa execución da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, así como a valoración para o tramo central comprendido entre Goián e Areas doutras alternativas diferentes ás do proxecto de construción do ano 2011
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017
- 1.3 15387 (10/POC-002789)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a posición do Goberno galego respecto da introdución de modificacións no artigo 124.2 do Regulamento de dominio público hidráulico, para permitir a existencia no futuro das comunidades de augas de consumo humano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017
- 1.4 15493 (10/POC-002808)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 10 máis
Sobre o balance que fai o Goberno galego en relación coas actuacións levadas a cabo polo Consorcio Casco Vello de Vigo desde a súa creación, o número de vivendas e locais comerciais rehabilitados e as actividades previstas para o futuro tras o remate en 2017 do actual convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017

- 1.5 16877 (10/POC-002911)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa sinistralidade e elevada cifra de atropelos a peóns e ciclistas que presenta a estrada PO-308 entre Pontevedra e O Grove, e as súas previsións respecto da adopción de medidas de calmado do tráfico nela, así como a execución dunha actuación integral para mellorar a súa seguridade viaria, a súa accesibilidade e a súa mobilidade peonil e ciclista
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017
- 1.6 16930 (10/POC-002921)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia dende agosto de 2016 para resolver a problemática xerada a consecuencia das deficiencias existentes no funcionamento das novas infraestruturas de saneamento de Ribeira, as súas causas e o tipo de control periódico que se está a realizar, así como as medidas adoptadas ao respecto e a garantía do dereito da cidadanía á información medioambiental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017
- 1.7 17205 (10/POC-002936)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre o orzamento destinado nos últimos anos pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o mantemento e impulso do contorno do parque de Cotorredondo, situado nos concellos de Vilaboa e Marín, as actuacións que está a estimar o Goberno galego para recuperar os seus valores ambientais, turísticos e patrimoniais, así como a actuación desa consellaría en relación cos convenios asinados e as solicitudes presentadas por diversas comunidades de montes ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 183, do 28.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 06/10/2017 14:35:56